

## **Antecedentes**

**Único.-** Solicita o acceso a seguinte información (consulta):

1- Cal é o proceso de investigación unha vez admítense as queixas a trámite?; 2- Temos obrigación os cidadáns, cando presentamos queixas, a presentar xustificación do que expoñemos? É igual para as administracións públicas?; 3- Cando as administracións públicas emiten informes á súa persoa deben xustificar a súa veracidade para así, emitir vostede o peche dun expediente? 4- Se detecta que se incumpre a lei ou calquera tipo de dereito do tipo que sexa, desde as administracións públicas; que debe facer? Pon en coñecemento da devandita administración ou llo fai saber o cidadán e non fai nada máis? 5- Podemos os cidadáns dirixirnos telefonicamente á secretaria xeral, á xefa de servizos ou a calquera outro persoal da súa institución? 6- Ten persoal xurídico para cada tipo de queixa que se lle presenten? 7- Con só 22 persoas é capaz de supervisar todos os problemas que os cidadáns lle presentan? 8- Debe cingirse á lei de transparencia? 9- Pódese pedir a reapertura ou alegacións en calquera momento a condición de que se teña documentación nova?.

## **Fundamentos xurídicos**

**Único.-** De conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia, entendéndose por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Polo anterior **Resolvo:**

Proporcionar a información solicitada, que figura a continuación.

-A lei esixe unicamente a solicitude de informe á administración contra a que se dirixe a queixa.

-No; no momento inicial da queixa non é preciso xustificar documentalmente o que se sinala nela. Unicamente é preciso facer un relato dos feitos que motivan a queixa. Porén, en certos casos, despois do exame da queixa pode considerarse necesaria a aportación dalgunha documentación aos efectos de valorar adecuadamente a posible admisión da queixa a trámite, o que se comunicaría. Ademais, no curso da investigación pode chegar a ser preciso algunha xustificación documental.

-No; a lei só esixe a resposta das administracións mediante informe inicial; porén, a lei permite que unha vez valorado o informe poda realizarse calquera outra

diligencia de investigación, como a petición de informes complementarios, aclaracións, documentación, e mesmo a personación para o exame directo da documentación ou a entrevista con persoas. A valoración da necesidade de ditas diligencia faise pola propia institución en razóns das circunstancias.

-Ante situacións de incumprimento realízanse indicacións para a súa corrección, o que se traslada tanto á administración como á persoa reclamante. Normalmente esas indicacións teñen a forma de recordatorios de deberes legais, recomendacións ou suxestións.

-Por unha queixa pode dirixirse polo medio que desexe á persoa responsable da mesma -indícase no comezo do seu trámite (admisión a trámite)-, sen prexuízo de que solicite posibles reaperturas ou discrepancias, que serán examinadas polo persoal técnico e resoltas pola valedora do pobo. Tamén pode dirixirse ás persoas que menciona no ámbito das súas funcións.

-A institución ten persoal técnico para o coñecemento de todas as queixas.

-Supervísanse todos os supostos que se achegan por medio das queixas.

-Si, a institución debe cumprir a lei de transparencia.

-Si, pode pedir a reapertura ou formular alegacións.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 28.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022.